

Concentración Parcelaria en Santa Mariña

Por Ramón Díaz Raña

En xaneiro do 1971 fun destinado para as Parroquias de San Sadurniño e Santa Mariña do Monte. Dende Roma escribíralle ao Bispo, D.Miguel Anxo Araujo, dicíndolle que por problemas familiares non podía continuar aquel curso na Universidade Gregoriana onde preparaba a tese doutoral sobre “*O sentimento relixioso en Rosalía de Castro*”. Pedíalle que me adxudicara unha parroquia pequena para que me quedara tempo e poder así organizar e redactar todo o traballo que tiña recollido referente á Tese. Fun con ilusión para ese destino.

Pero coincidiu que daquela estaban a comezar os traballos de Concentración Parcelaria en Santa Mariña. Eu vivira uns anos antes na propia familia os desgustos que trae consigo a Concentración. Estaba convencido que case todos os problemas teñen a súa orixe na deficiente declaración que os labregos fan das súas propiedades. Por iso, con ocasión do enterro de **Josefa de Rañal**, –polo vinte e tantos de xaneiro- ofrecínme publicamente aos veciños para axudarlles a preparar os papeis cos que presentar unha declaración axustada á verdade. Foi unha experiencia única.

Nin coñecía á xente nin me coñecían. Pero foron moitos os que solicitaron a miña axuda. Pasei días enteiros nalgunhas casas revolvendo as vellas escrituras retorcidas no fondo dos caixóns. Fomos descubriendo pouco a pouco as fincas nos planos e cotexándoas coas escrituras. Os Técnicos encargados viron interesante o meu traballo e facilitáronme un mamotreto co listado completo das fincas e os planos. Alí ía anotando o número e o propietario correspondente, de tal xeito que non debía quedar ningún número do plano sen declarar. A alguén tiña que corresponder. Había que descubri-lo. Entre outros casos recordo un curioso. A familia de **Couce de Vilachá** chamara a **José Paredes** -a quen apelidaban “*O Perito*”, sendo só un afeccionado a facer partillas e escrituras-, para que lles preparara a declaración. Pois eu, cando xa ía rematando todo, descubro un número en tal plano que ninguén o declara. Pregunto, investigo e acabo descubriendo que a mesma finca está partida en dúas no plano con números distintos porque ten un valado polo medio. Preséntome na casa de **Couce** e explícolle a **Evaristo** que teñen tres ferrados da finca tal sen declarar. Non me custou moito convencelos porque, ademais de ver claro o que lles explicaba, crían en min. Evaristo todo emocionado -vivira tamén con interese o de **Manolo Redondo** que logo contarei- di, erguendo as mans ao ceo: “*Vostede merece un monumento en Vilachá*”. Eu repliqueille

sorrindo: “*Deso nada. Danme noxo os mexos dos cans*”. Os presentes comprenderon a broma e riron a pracer.

O bo foi que con este traballo non quedou ningunha finca sen declarar en toda a Parroquia. Isto é fundamental para que logo as cousas vaian ben. O outro piar é a xusta valoración das fincas. Con estas dúas bases realizadas correctamente a Concentración non ten porque ter problemas. Por certo recordo que me contaron que cando andaban clasificando os regados de Saavanda, **José de Riola** empeñouse en que o seu tiña que ser clasificado de primeira. Nin os veciños nin os Peritos estaban de acordo. Pero el non baixaba da burra. Entón o Perito chántalle nos fociños: “*Lo quiere de primera? Pues para Vd. será y de primera*”. E así foi. A José déuselle o correctivo no mesmo momento, pero os demais tamén aprenderon a lección. De feito en Santa Mariña saíu todo sen grandes complicacións; mentres que en Pedroso e Lamas foi o de nunca acabar. O que me resulta curioso é que, sabendo o trato que eu tiña cos Peritos, ninguén viñera buscar recomendacións e comenencias. Iso di ben da xente e de min.

Si lembro que un día veu xunta miña **Luís do Cal**. Contoume con certo dramatismo, moi propio do seu carácter, que, tal como estaba trazada a pista que ía por xunta da casa, o hórreo acabaría caendo e que ademais era un perigo. Fun votarlle unha ollada e pareceume en razón o que expoñía Luís. Concertamos día para ir á Coruña falar cos Peritos. Fun buscalo á casa e, cando íamos no chan de Neda, dime: “*Don Ramón, na Coruña fale vostede*”. Parei o coche fronte da igrexa e díxenlle todo serio: “*Ou falas ti ou damos volta para a casa*”. Díciame convencido que non ía saber explicarse, que tiña medo a poñerse nervioso ... Eu entendíao perfectamente: Era palpar en carne humana o problema teórico da diglosia e sentir con tristura como se esfarela o ser máis íntimo dunha persoa. Pouco a pouco fómonos tranquilizando e nas oficinas da Coruña expuxo axeitadamente a súa preocupación e arredaron un pouco a pista.

Si teño que contar unha falcatruada de **Eliseo**. Ao lado das Escolas había un terreo municipal para o recreo dos nenos e que tamén usaban os mozos para xogar ao fútbol. Cando **Agustín da Corripa** edificou a casa onde está a tenda e o bar deixou que os rapaces colleran unha finca del que lindaba co campo para que aumentaran con ela o destinado a campo de fútbol. Así o fixeron. Con iso conseguiran que fora un pouco máis axeitado. Ao ir adiante os traballos da Concentración, **Manolo** (fillo de Agustín) fala cos Peritos e acordan que esa finca de seu pai quede como masa común formando parte real e unitaria do campo municipal. Estabamos seguros que se respectaría esta lóxica petición. Non foi así. Cando aparecen os

planos coas novas fincas de remprazo, observamos con rabia que se lle adxudica a Eliseo agrandando así unha que xa tiña fronte por fronte da casa. Pasados os anos, e sendo xa concelleiro, quixo remediar algo a cagada e conseguiu cartos do Concello para facer un campo de fútbol na masa común que quedara nas regas da Sanguineira; sitio húmido, frío, desamparado.

[O Pumariño do mes de decembro de 1981](#) está dedicado a este asunto. Falamos, como se fora un soño, de como se está a celebrar alí a final do mundial de fútbol. Rinme canto puíden lendo isto despois de 30 anos. ¡Vaia inventiva que tiñamos!

Hai que ter... memoria histórica. É certo que o campo que hai de propiedade pública ao lado das Escolas seguiría sendo escaso para campo de fútbol aínda que se lle engadira a finca de que falo, pero ¡que ben era que quedara o máis grande posible para usos comúns!

No *Pumariño* criticamos estes feitos. Eliseo púxose de morros comigo. Non lle sentaban nada ben as críticas e peor nos sentaban a nós as comenencias. Para complicar as cousas comigo e facerse ver como concelleiro púxose a construír, sen aviso nin permiso, unha fonte de cemento no campo da Capela de Esperanza, propiedade da Igrexa. Eu calei para non aumentar a xenreira. Iso non quitou para que un día me puxera os puños diante dos fociños no cemiterio. ¡Foi precisamente no cemiterio!. Non me arreou porque se decatou que os mortos, aínda que estaban sen sentido, non ían aprobar que eu vertera sangue enriba das súas tumbas.

Cando facía estes ademáns non se acordaba do día que me pediu por favor que fora convencer a seu pai, **Evaristo da Corripa**, para que lles repartira algúns dereitos do capital de tal maneira que as escrituras da Parcelaria viñeran xa a nome dos fillos. Estaban reunidos os irmáns na casa de Eliseo. Convenceume a min para que eu convencera ao patrúcio. Fomos el e máis eu á casa do patrón para facerlle ver a conveniencia do plan. Evaristo non quería. Retorcíase na cociña. Custoume convencelo. Ao final, cando xa non tiña máis razóns que a súa cacholada, díxome: “*ir vou, pero levádesme polo narigón*”. Non se me esquecerá esta expresión na boca de Evaristo.

O bo foi que en Santa Mariña non houbo maiores problemas coa Concentración Parcelaria, e supuxo un antes e un despois no desenrolo económico da parroquia. Todo mellorou un cento por cento. Isto é o interesante.